

PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DO ARRENDAMENTO DO LOCAL DESTINADO A BAR-CAFETERÍA SITUADO NO MERCADO DE CARBALLO (PRI 03/2023)

1.- OBXECTO E RÉXIME DO CONTRATO

O obxecto do contrato e o arrendamento do local destinado a bar- cafetería situado no Mercado municipal de Carballo mediante contrato privado segundo a Lei de Contratos do Sector Público.

O local obxecto do contrato de arrendamento e explotación figura integrado no edificio inventariado co nº 11-21 coa natureza de ben patrimonial, atópase primeiro andar terreo do edificio e ten o seu acceso dende a rúa Gran Vía e dende o vestíbulo do Mercado, cunha superficie útil de 95,05 metros cadrados.

O local conta co seguinte equipamento básico:

1	Vertedeiro 1 cuba
1	Mesa traballo inox 30*62*60
1	Cociña Electrolux
1	Mesa de apoio inox 138*62*60
1	Caixón inox 60*62*25
1	Frixideira
1	Campá extractora con caixa ventilación homologada con chapado inox
1	Vertedeiro 2 cubas con estante e habitáculo para cubo
1	Billa 2 augas
1	Moble cafeteiro
1	Moble contrabarra
1	Barra desmontable
1	Moble botelleiro
11	Lámpadas simil aceiro 23 cm
4	Lámpadas simil aceiro 47 cm
5	Estores
1	Sofá polipel
1	Sotabanco
4	Estantes cristal para columna
1	Cristal cafeteira

Será por conta do arrendatario a dotación do equipamento restante para a normal explotación do servizo, así como o mantemento e limpeza das instalacións e bens que se poñen a disposición.

Facúltase expresamente ao adxudicatario para que poida realizar á súa custa todas e cantas obras, reformas ou instalacións estime convenientes ou necesarias, coa única limitación de que non afecten á seguridade do local nin do edificio e cumpran coas normas urbanísticas. As devanditas reformas deben contar con autorización previa e por escrito da propiedade e non alterarán a imaxe exterior e corporativa do edificio.

As obras realizadas reverterán ao remate do arrendamento a favor do Concello sen indemnización algunha por parte do Concello de Carballo. Do mesmo xeito, debe reverter no Concello o equipamento básico que este aporta no momento da licitación en bo estado de conservación e funcionamento. No caso de que o equipamento aportado polo Concello non estea en correcto estado ou deba cambiarse ao longo do período de arrendamento debe substituírse por un de similares características.

Os aseos que poderá utilizar a clientela da cafetería están situados no vestíbulo, polo que o arrendatario está obrigado á realización, como mínimo, dunha limpeza diaria dos mesmos. Os aseos teñen carácter de baños públicos polo que en todo momento deben estar operativos e accesibles para que os utilicen usuarios alleos á cafetería durante o horario de apertura da cafetería e/ou do Mercado municipal. Os consumibles precisos para o bo funcionamento dos mesmos serán repostos pola empresa encargada da xestión do Mercado municipal ou, se non a houbera, polo Concello. Deberá existir unha folla de control de limpeza diarias na que figure o nome da persoa que realizou a limpeza e o horario da mesma.

**CPV: 55330000-2 Servizos de cafetería
Grupo M, Subgrupo M-6, categoría 1.**

Descrición: O local obxecto do contrato de arrendamento, atópase no andar terreo do edificio do mercado municipal, e ten o seu acceso dende a Rúa Gran Vía, Carballo .

- **Cadro de superficies:**
 - o Superficie construída:
 - o Superficie útil: 95,05 m².
 - Almacén: 3,60 m².
 - Cociña: 8,05 m².
 - Bar: 83,40 m².

Inventario municipal de bens do Concello de Carballo: O local obxecto de arrendamento está integrado no edificio do mercado municipal de Carballo inventariado co nº 11-21 coa natureza xurídica de ben patrimonial.

Rexistro da Propiedade de Carballo: finca rexistral nº 11087, tomo 600, libro 173, folio 194, do Rexistro da Propiedade de Carballo.

Cargas e gravames: O local descrito está libre de toda carga, gravame, arrendamento ou embargo.

2.- TIPO DE LICITACIÓN: RENDA

Para a determinación do orzamento de licitación, tense en conta o informe de valoración emitido con data 24/04/2023 polo arquitecto municipal Don Alfredo Garrote Pazos, do que resulta o seguinte:

"5.3. VALOR ESTIMADO DO LOCAL.

En base ao estudo de mercado realizado obtense un valor medio en venta de 652,85 €/m², polo tanto o valor estimado para o local da cafetería situado na planta baixa do mercado municipal de abastos será o seguinte:

$$V. \text{ venta} = V. \text{ unitario medio} \times S_c = 652,85 \text{ €/m}^2 \times 101,90 \text{ m}^2 = 66.525,42 \text{ €}$$

A este prezo haberá que engadirle o do equipamento que se deixa no local que segundo se indicou con anterioridade é de 12.395,65 €.

Así pois, o valor total do local será o seguinte:

$$V. \text{ total} = 66.525,42 + 12.395,65 = 78.921,07 \text{ €}$$

Setenta e oito mil novecentos vinte un euros con sete céntimos.

6.- PREZO MÍNIMO DO ARRENDAMENTO DO LOCAL.

Segundo o disposto no artigo 92 do RBEL:

Artigo 92 1. O arrendamento e calquera outra forma de cesión en uso de bens das entidades locais rexeranse, en todo caso, na súa preparación e adxudicación pola normativa reguladora da contratación das entidades locais. Será necesario a realización de poxa sempre que a

duración da cesión sexa superior a cinco anos ou o prezo estipulado supere o 5 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento. 2. En todo caso, o usuario terá que aboar unha taxa non inferior ao 6 por cento do valor de venda dos bens.

En base ao anterior a taxa de arrendamento non poderá ser inferior a:

$$\text{Taxa} = 6\% \times 78.921,07 = 4.735,26 \text{ €/ano}''$$

Por este motivo fíxase como prezo mínimo de licitación (renda mensual) a cantidade de:

Prezo mensual arrendamento:	500 €
Ive (21%):	105 €
Total prezo arrendamento Ive incl.:	605 €

Aos efectos previstos na Lei 37/92 do 28 de Decembro, reguladora do Imposto sobre o Valor Engadido, a renda pactada entenderase co tipo impositivo correspondente ao devandito imposto en cada momento xa engadido. Así mesmo, en caso de ser aplicable algún outro tipo de retención ou similar, practicarase esta, no tivo impositivo que estableza a lexislación fiscal en cada momento.

O tipo deberá ser mellorado á alza, polo que se rexeitarán todas aquelas ofertas que sexan inferiores ao orzamento sinalado.

Os gastos de luz, auga e gas serán por conta do arrendatario.

O prezo total do contrato, polos seis anos de duración do contrato ascende a cantidade de:

Prezo arrendamento:	36.000,00 €
Ive (21%):	7.560,00 €
Total prezo arrendamento Ive incl.:	43.560,00 €

Investimento mínimo: será o preciso para a posta en funcionamento do servizo de forma óptima e de acordo coa normativa e regulamentación aplicable. Os licitadores deberán fixar na súa oferta técnica incluída no sobre nº 2 o detalle descritivo e orzamentado das inversións fixas que, de resultaren adxudicatarios, realizarían no local. A inversión desas instalacións fixas deberá ser demostrada polo adxudicatario do arrendamento coa presentación das correspondentes facturas ou xustificantes do investimento realizado.

3.- REVISIÓN DE PREZOS¹

A renda mensual ou canon no seu caso, que en cada momento satisfaga o arrendatario durante a vixencia do contrato, será revisable unha vez transcorrida a primeira anualidade, segundo o incremento do Índice de prezos ao consumo (IPC) nun período de doce meses inmediatamente anteriores á data de actualización, tomando como mes de referencia para a primeira actualización o que corresponda ao último índice publicado.

¹ A renda actualizarase na data en que se cumpra cada ano de vixencia do contrato, aplicándolle á renda da anualidade anterior a variación porcentual experimentada polo IPC no período dos doce meses inmediatamente anteriores á data de cada actualización, tomando como mes de referencia para a primeira actualización o que corresponda ao último índice que estivera publicado.

As revisións da renda terán carácter acumulativo de sorte tal que a primeira revisión efectuarase tomando como base a renda ofertada e para as sucesivas, a renda revisada, como consecuencia de actualizacións precedentes.

4.- DURACIÓN DO CONTRATO

4.1.- A duración inicial do contrato é de 6 anos, a contar dende o día seguinte a data de formalización do contrato en documento administrativo. Non obstante, pasados dous anos dende a devandita data, o Concello, cun preaviso de tres meses, poderá renunciar ao arrendamento sen penalización algunha.

4.2.- O contrato poderá **prorrogarse**, por acordo mutuo de ambas partes, nas condicións iniciais en períodos de **DOUS ANOS**, cun máximo de **DÚAS PRÓRROGAS**. En todo caso, as eventuais prórrogas que poidan ter lugar deberán ter carácter expreso e formalizarse convenientemente mediante unha addenda ao contrato inicial.

4.3.- Posta en funcionamento. Para a execución do investimento necesario para a dotación do equipamento completo que resulte necesario para a posta en funcionamento da instalación, establécese un prazo máximo de un (1) mes, a contar dende o día seguinte á data da sinatura do contrato.

5.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

Este contrato será obxecto de tramitación de forma ordinaria mediante concurso (Art. 107 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, en adiante LPAP) e en procedemento aberto (art. 156 LCSP), tomando como base os criterios de adxudicación que se detallan na cláusula seguinte do presente prego.

6.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para a valoración das propostas dos licitantes teranse en conta os seguintes criterios:

1. Criterios avaliados mediante a aplicación de xuízo de valor (ata 40 puntos):

a. Calidade, variedade, e prezo dos produtos ofertados (ata 10 puntos):

O licitador deberá indicar a orixe das materias primas que vai empregar, a composición e variedade dos menús, valorándose a utilización de produtos con denominación de orixe, ecolóxicos e de proximidade así como a relación calidade-prezo.

b. Horario (ata 10 puntos):

Ao ser un establecemento que busca completar a oferta do Mercado municipal valorarase que o horario de apertura coincida co do Mercado Municipal e incluso con aquelas actividades que se realizan periodicamente no segundo andar fóra do horario ordinario do mercado.

c. Medios materiais destinados ao servizo (ata 10 puntos):

Valoraranse as inversións fixas a realizar no inmovible para a súa posta en funcionamento e a maquinaria e equipamento do que se vai dispor.

d. Mantemento, limpeza e conservación (ata 5 puntos):

Debe presentarse un plan de limpeza das instalacións así como dos aseos públicos anexos ao local e arredores do mesmo.

e. Presentación dunha memoria (ata 5 puntos):

Valorarase a presentación dunha memoria que permita medir o valor engadido do proxecto en relación coas instalacións do mercado municipal e/ou inclúa aportacións que melloren funcionamento conxunto do mesmo.

A distribución da puntuación farase de xeito proporcional en tódolos criterios de valoración enunciados, atribuíndolle a cualificación de:

- **Moi boa:** cando se realice un estudo detallado do aspecto en tea de xuízo e se propoñan medidas de actuación adecuadas, precisas, ben definidas e/ou innovadoras.

- **Boa:** cando o estudo e proposta en relación co elemento para valorar sexa detallados e se propoñan algunhas medidas de actuacións precisas e/innovadoras.

- **Regular:** cando se limite a un sinxelo estudo do elemento e/ou se realicen achegas de actuacións escasas e/ou pouco precisas.

- **Mala:** cando se melloren moi escasamente os aspectos a valorar por enriba dos mínimos esixidos na documentación técnica que defina o obxecto do contrato.

- **Moi mala:** cando non se melloren ningún dos aspectos a valorar por enriba dos mínimos esixidos na documentación técnica que defina o obxecto do contrato.

Corresponderalle a máxima puntuación na valoración de cada aspecto á oferta que reciba a cualificación de “moi boa”, da máxima a $\frac{3}{4}$ desta puntuación á considerada como “boa”; de $\frac{3}{4}$ á metade á cualificada como “regular”; da metade a $\frac{1}{4}$ á cualificada como “mala” e de $\frac{1}{4}$ dos puntos a cero puntos á cualificada como “moi mala”.

2. Criterios avaliados mediante a aplicación dunha fórmula matemática (ata 60 puntos):

a. Maior renda mensual ofertada:

O licitador que realice a oferta mais alta obterá a máxima puntuación, e o resto das ofertas económicas puntuaranse en relación proporcional directa con arranxo a seguinte fórmula:

$$P=OV/MO * 60$$

As ofertas que non melloren o tipo de licitación, puntuaranse con 0 puntos.

8.- PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN, FORMALIDADES E DOCUMENTACIÓN.

8.1.- Lugar e prazo de presentación.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse, no caso de tratárense de **persoas xurídicas**, única e exclusivamente de forma electrónica, a través da plataforma de contratación do sector público “<https://contrataciondeestado.es>” e con arranxo aos requisitos técnicos establecidos na devandita plataforma. En consecuencia, non poderán presentarse en formato papel.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse, no caso das **persoas físicas**, ben de forma electrónica, a través da plataforma de contratación do sector público “<https://contrataciondeestado.es>” e con arranxo aos requisitos técnicos da devandita plataforma, ou ben en formato papel, en sobre pechado, no Rexistro Xeral do Concello de Carballo, en horario de 9:00 a 13:30 horas, de luns a venres.

O prazo de presentación será de 15 días naturais a contar dende o día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante. En caso de resultar festivo o día de finalización prazo, quedará automaticamente prorrogado ao día hábil seguinte.

Este Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PPA) estará publicado no Perfil do Contratante do Concello de Carballo, na plataforma de contratación do sector público.

No caso de presentación de ofertas electrónicas, deberán enviar un arquivo ou sobre electrónico único relativo á declaración responsable e oferta económica.

No suposto de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos, e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante Télex, Fax, correo ou Telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio (art. 100 RXLCAP). Transcorridos, porén, 10 días naturais seguintes á indicada data sen recibirse proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Os envíos das proposicións a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, con fin de non dilatar o acto de apertura de sobres e a adxudicación do contrato.

Os interesados poderán examinar o prego e documentación complementaria no perfil do contratante do órgano de contratación (www.carballo.org).

A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego, sen excepción algunha.

Poderán contratar as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 71 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Cada licitador, individualmente ou agrupado temporalmente, non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en agrupación con outras se o fixo individualmente. A contravención deste principio dará lugar á desestimación automática de todas as propostas por el presentadas.

8.2.- Formalidades.- As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en tres sobres fechados co seguinte contido:

8.2.1.- SOBRE A, subtítulo: Documentación administrativa xeral para tomar parte na licitación para o arrendamento do local destinado a bar-cafetería situado no Mercado Municipal de Carballo (A Coruña) (PRI 03/2023) presentada por (nome ou denominación social, domicilio, correo electrónico e teléfono).

Conterá a seguinte documentación:

1) Declaración responsable segundo o modelo recollido no **ANEXO I “Modelo de declaración responsable” para as persoas xurídicas/persoas físicas** deste prego **ou Documento Europeo Único de Contratación (DEUC)** asinado polo licitador segundo o modelo contido no Anexo II do Regulamento de Execución (UE) 2016/7, da Comisión, do 5 de xaneiro do 2016, polo que se establece o formulario normalizado documento europeo único de contratación (DOUE 06/01/2016), cumprimentado de conformidade co indicado na Resolución do 6 de abril do 2016, da Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, pola que se publica a Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a utilización do DEUC previsto na nova Directiva de contratación pública (BOE 08/04/2016). (Farase constar un CIF ou NIF ao que dirixir as notificacións telemáticas para o seu acceso mediante certificado electrónico do representante ou certificado persoal respectivamente).

Para poder cumprimentar o Anexo referido á declaración responsable mediante o modelo normalizado “Documento Europeo de Contratación (DEUC) os licitadores utilizarán o documento que se atopa na seguinte ligazón:

<https://visor.registrodelicitadores.gob.es/espd-web/filter?lang=es>

Os licitadores poden consultar as “Instrucións para cumprimentar o anexo “Documento Único Europeo de Contratación” (DEUC) polos licitadores”, publicadas na seguinte ligazón:

<https://mnhlicitaciones.com/wp-content/uploads/2018/04/DOC20180412125952Instrucciones-cumplimentacion-DEUC-licitadores.pdf>

Os documentos acreditativos da personalidade, capacidade e solvencia só serán esixidos ao contratista proposto como adxudicatario. Polo tanto, no sobre “A” só será preciso incluír a declaración responsable a que se refire este apartado desta cláusula, agás que o licitador deba incluír na mesma, polas circunstancias nas que concorre a esta licitación, a documentación que se sinala a continuación.

En todo caso, o licitador, antes de asinar a declaración responsable, deberá asegurarse de que reúne os requisitos de capacidade e solvencia esixidos neste PCAP e non estar en ningunha causa de prohibición de contratar, no momento de finalizar o prazo de presentación de proposicións.

En todo caso, de acordo co sinalado no art. 140. 3 LCSP, o órgano de contratación poderá recadar, en calquera momento, a adopción da proposta de adxudicación da Mesa de Contratación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para seren adxudicatarios do contrato.

2) Unións temporais de empresas.

No caso de concorren en UTE, indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en Ute no caso de resultaren adxudicatarias, de conformidade co art. 68 LCSP e cláusula 13.1 do presente PCAP.

3) Declaración de empresas vencelladas.

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, no termos a que se refire o art. 139 LCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por tódalas empresas vencelladas que concorran á licitación.

4) Rexistro de documentación de empresas contratistas ou Rexistro de licitadores.

Empresas inscritas no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas ou no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia. A estes efectos será suficiente con que o licitador indique o número de inscrición no Rexistro ou acompañe unha fotocopia simple do documento acreditativo da inscrición, sen prexuízo de que a Administración solicite aqueles datos ou documentos que estime necesarios con fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia dos mesmos.

5) ANEXO II: Autorización para a cesión de información relativas ás obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

O licitador deberá presentar dentro do sobre “A” unha declaración responsable segundo o modelo recollido no Anexo II “Modelo de autorización para a cesión de información relativas ás obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

6) ACREDITACIÓN DE ESTAR AO CORRENTE DOS DEBERES TRIBUTARIOS E COA SEGURIDADE SOCIAL na data fin de presentación de proposicións.

- Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento dos seus deberes tributarios, a data fin de presentación de proposicións, conforme ao

disposto nos arts. 13, 15 e 16 do RXLCAP (Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento Xeral da Lei de Contratos).

Entre as certificación a achegar, deberá constar a certificación emitida por esta Corporación de estar ao corrente do pagamento de tódolos deberes perante o Concello de Carballo (A Coruña). Neste caso, o Concello verificará de oficio tal extremo, mediante certificado emitido polo Departamento de Tesourería.

- **Certificación de estar dado de alta no IAE** (Imposto de actividades económicas) e último recibo de pagamento, ou no seu caso, certificado execución de pagamento do devandito imposto. Fotocopia compulsada da alta e do último recibo do IAE, con indicación do epígrafe ou epígrafes correspondentes e clase (municipal, provincial ou nacional). Este último requisito (recibo) non será esixible cando a alta sexa recente e non xurdira, aínda, a obriga de pagamento.

Ademais, o licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa, non deberá ter débedas en período executivo, pendentes de pagamento, co Concello de Carballo, agás que estivera debidamente garantidas. O certificado que acredite a inexistencia de débedas aportarase de oficio polo Concello.

As certificacións anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no art. 15 RXLCAP.

A presentación dos documentos do apartado 5 no sobre A terá carácter voluntario, sendo obrigatoria a súa presentación unicamente para o licitador que resulte adxudicatario. A presentación destes documentos deberá realizarse no prazo máximo de dez días hábiles (10) dende o momento no que se comunique a proposta de adxudicación.

En todo caso, conforme ao art. 140.4 da LCSP, as circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibición de contratar, deberán concurrir na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento da perfección do contrato.

8.2.2.- SOBRE B: CRITERIOS DE VALORACIÓN SUBXECTIVA para tomar parte na licitación do arrendamento de local destinado a bar-cafetería situado no Mercado municipal de Carballo (A Coruña), presentada por.... (Conterá a documentación relativa ás cuestións relacionadas cos criterios de adxudicación cuxa cuantificación require dun xuízo de valor).

8.2.3.- SOBRE C: CRITERIOS DE VALORACIÓN OBXECTIVA para tomar parte na licitación do arrendamento de local destinado a bar-cafetería situado no Mercado municipal de Carballo (A Coruña), presentada por....

O sobre "C" conterá a oferta económica do licitador, que deberá axustarse ao modelo do ANEXO III

9. - APERTURA DO SOBRE A - CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL
Concluído o prazo de presentación de proposicións a Mesa de contratación procederá á cualificación da documentación xeneral contida no sobre A, e se observasen defectos materiais na documentación presentada, notificarao por correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia da devandita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días naturais para que o emende. Agora ben, si a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non emendables, non será admitido á licitación.

Á marxe da emenda a que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá recadar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos

presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de cinco (5) días naturais e sempre antes da declaración de admisión das proposicións.

10.- APERTURA DO SOBRE B (MEMORIA TÉCNICA).

A apertura das proposicións técnicas realizarase na sala de reunións da Casa consistorial no día que se indique no Perfil do Contratante ou taboleiro de anuncios do Concello, sempre que nesa data estean corrixidas as deficiencias emendables ou transcorrera o prazo concedido para isto, no seu caso.

Comenzará neste acto dando lectura ao anuncio da licitación, e a Mesa procederá á apertura do sobres que conteñen as ofertas técnicas pola orde da súa presentación, dando a coñecer o contido de cada unha.

A Mesa de Contratación solicitará a evacuación dos informes técnicos que se consideren oportunos para realizar a valoración das ofertas técnicas ou os cálculos que consideren necesarios, agás que dispoña de tódolos elementos necesarios para formar o seu xuízo de valor e valorar directamente as ofertas técnicas presentadas.

11.- APERTURA DO SOBRE C (OFERTA ECONÓMICA).

Unha vez conclusa completamente a fase anterior, convocarase novo acto no que se informará da devandita valoración e se procederá a realizar a apertura das ofertas económicas do sobre "C". A Mesa de Contratación valorará as ofertas presentadas, ora no mesmo acto, ora interrompendo este polo tempo mínimo necesario para realizar os cálculos correspondentes. Continuarase, no seu caso, o acto no que se dará conta da valoración das ofertas económicas e a puntuación global de tódalas ofertas e, de acordo con esta, formulará a proposta de adxudicación ao órgano de contratación, indicando a orde de preferencia para a adxudicación.

Nesta proposta de adxudicación non crea ningún dereito a favor do contratista ou contratistas incluídos nela.

O órgano de contratación requirirá ao licitador proposto como adxudicatario para que, dentro do prazo de dez días hábiles (10), a contar dende o día seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación á que se refire o apartado 5 da cláusula 8.2.1 deste prego e, ademais proceda a:

1.- Constituír fianza polo importe sinalado na cláusula 12ª.

2.- Presentar copia da pólizas de seguro e xustificantes de pago das primas de contratación dos seguros, citados na cláusula 15 deste Prego.

Se non se presenta a documentación requirida no prazo sinalado, entenderase que o/a licitador/a retirou a súa oferta, procedéndose daquela a solicitar a mesma documentación ao licitador/a seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles (5) seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación notificaráselles aos/ás licitadores/as e simultaneamente publicarase no perfil do contratante.

Adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se interpuxeran estes, a documentación que acompaña ás proposicións quedará a disposición dos/das interesados/as. Se estes non retiran a súa documentación no tres meses seguintes á data na que se lle notifique a adxudicación, a Administración estará obrigada seguir custodiándoa.

12.- FIANZA.

Con carácter previo á formalización do contrato, o adxudicatario estará obrigado a constituír unha fianza por importe de dúas mensualidades de renda, IVE non

incluído, e a aportar o xustificante do ingreso na conta que se sinala polo Concello de Carballo. De non cumprir este requisito por causas imputables ao mesmo, declararase resolto o contrato.

A actualización da fianza² realizarase nos termos contemplados para a actualización da renda previstos na Cláusula 2 deste PCAP. A devolución da mesma terá lugar transcorridos dous meses dende a data de remate do contrato, unha vez comprobado que o arrendatario pagou o importe dos servizos do local e que o local lle foi devolto ao Concello nas condicións previstas na cláusula 16 do presente prego.

13.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO³

13.1.- O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de quince (15) días hábiles dende a data da notificación da adxudicación, o documento administrativo de formalización do contrato, ao que se unirá, formando parte do contrato, a oferta do adxudicatario e un exemplar do PCAP.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á sinatura do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado na cláusula anterior, o Concello poderá acordar a resolución do mesmo, previa audiencia do interesado.

Se as causas non foran imputables ao empresario, o Concello ampliarao expresamente por escrito motivado, notificando ao adxudicatario o novo prazo.

Simultaneamente á formalización do contrato, o adxudicatario asinará a conformidade deste prego. O presente prego e as características da oferta adxudicada, sempre que non contradigan o especificado nos mesmos, terán carácter contractual.

13.2.- O documento no que se formalice o contrato será en todo caso privado. Porén, o contrato formalizarase en escritura pública sendo á custa do adxudicatario os gastos derivados do seu outorgamento

² Durante os cinco primeiros anos de duración do contrato, a fianza non estará suxeita a actualización, pero cada vez que o arrendamento se prorrogue, o arrendador poderá esixir que a fianza sexa incrementada, ou o arrendatario que se diminúa, ata facerse igual a unha ou dúas mensualidades da renda vixente, segundo proceda, ao tempo da prórroga.

A actualización da fianza durante o período de tempo no que o prazo pactado para o arrendamento exceda de cinco anos, rexeráse polo estipulado ao efecto polas partes. A falta de pacto específico, o acordado sobre actualización da renda presumirase querido tamén para a actualización da fianza.

³ Cando os arrendamentos sexan susceptibles de poderense inscribir no Rexistro da Propiedade, deberá formalizarse en escritura pública a tal efecto. Os gastos xerados por isto serán a custa da parte que solicitara a citada formalización, artigo 113.1 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e 1280,2 do Código Civil e 2.5 da Lei Hipotecaria, Texto Refundido segundo Decreto de 8 de febreiro de 1946.

Así mesmo, se poida formalizar o contrato en Escritura pública, xa que de conformidade co artigo 1549 do Código Civil, “con relación a terceiros, non xurdirán efecto dos arrendamentos de bens raíces que non se atopen debidamente inscritos no Rexistro da Propiedade”. No mesmo senso, o artigo 1280 do Código Civil establece que deberán constar en documento público nos arrendamentos destes mesmos bens por seis ou máis anos, sempre que poidan prexudicar a terceiro.

14. - GASTOS

Serán de conta do arrendatario todos os gastos relacionados co expediente tales como anuncios, impostos que procedan e honorarios de formalización do contrato en escritura pública, no seu caso.

Serán de conta do adxudicatario todos os gastos e impostos derivados da formalización do contrato.

15.- OBRIGAS DO ARRENDATARIO/CONTRATISTA

A título puramente indicativo, o contratista está suxeito ao cumprimento das seguintes obrigas:

1. O pago da renda da forma sinalada no prego e contrato.
2. Dotar ao local do equipamento e realizar as inversións que resulten necesarias para a posta en funcionamento da instalación segundo o proxecto de explotación presentado.
3. Destinar o local arrendado ao desenvolvemento da actividade exclusiva de bar- cafetería e cumprir as ordenanzas e normativa vixente aplicable á actividade.
4. Cumprir co período total do contrato, en caso de desistir do mesmo deberá indemnizar ao arrendador cunha cantidade equivalente a dúas mensualidades de renda por cada ano que reste por cumprir. Os períodos de tempo inferior a un ano darán lugar á parte proporcional da indemnización.
5. O arrendatario deberá facilitar e permitir o acceso ao inmovible por parte do propietario para facer as inspeccións e comprobacións que estime oportunas, así como para a realización de aquelas obras ou reparacións necesarias.
6. Poñer ao servizo dos usuarios unha folia de prezos dos produtos que se ofrezan, que deberá estar nun lugar visible polos usuarios e redactada, cando menos, en galego.
7. Aboar todos os gastos, tributos, etc. Serán de conta e a custa do adxudicatario o aboo de tódolos gastos, tributos etc, a que desen lugar a licitación e o contrato e redacción e visado se procede, dos proxectos que teña que presentar nos organismos competente a efectos de obter a alta e permiso de funcionamento. Así mesmo, os impostos que se requiran para a obtención de licenzas, documentos ou calquera información, dereitos, taxas ou compensacións e demais gravames ou gastos que resulten de aplicación segundo as disposicións vixente, na forma e contía que estas sinalen, e en xeral todo o necesario para o funcionamento adecuado e legalizado das instalacións.
8. Desenvolver a actividade de maneira directa non podendo ceder, allear, traspasar ou subarrendar o local.
9. Manter en bo estado de conservación o local e as súas instalacións e equipamento, quedando obrigado a efectuar, no seu caso, e pola súa conta as renovacións e melloras necesarias para o bo funcionamento e explotación do local, previa solicitude e autorización expresa do Concello.
10. Manter o local e espazos anexos nas debidas condicións de limpeza e aptitude para o uso, realizando as reparacións que fosen necesarias e respondendo dos deterioros producidos polo uso normal.
11. Realizar no local os investimentos aos que se comprometera na súa proposta e, en todo caso, as imprescindibles para o correcto funcionamento das instalacións, destinándoas exclusivamente ao uso ou actividade pactada e comprometéndose, asemade, a completar totalmente os elementos e instalacións existentes no local, con aqueles outros necesarios para o correcto e normal desempeño da actividade a desenvolver no local.
12. Os gastos de servizos de auga, gas, electricidade, teléfono e calquera outro susceptible de individualización mediante aparatos contadores serán de conta do arrendatario que deberá contratalos coas empresas subministradoras. Será tamén de conta do arrendatario a eventual adquisición ou reparación dos contadores correspondentes, os gastos de conservación e reparación de tales subministros e o custe das modificacións que nas mesmas deba realizarse por disposición ou imperativo legal ou administrativo se fose o caso.
13. Poñer en coñecemento do Concello calquera anomalía que provoque deterioro no inmovible.
14. Cumprir respecto ao persoal que no seu caso adscriba ao desenvolvemento da actividade as disposicións vixentes en materia tributaria e laboral, entendendo que o Concello non terá relación xurídica nin laboral co persoal do arrendatario. En consecuencia, en ningún caso nin circunstancia o contrato suporá unha relación laboral habitual entre o Concello e o contratista e/ou o persoal dependente del, e non será por isto responsable esta entidade local dos danos que puidesen ocasionarse a terceiros polas accións ou omisións derivadas da execución do contrato

polo persoal adscrito ao servizo polo contratista. A tal fin, o arrendatario comprométese a entregar ao Concello no momento en que sexa requirido ao efectos, os documentos TC2 relativos aos traballadores adscritos ao desenvolvemento da actividade comercial.

15. Dispor do persoal específico e necesario para unha adecuada prestación dos servizos, con capacitación adecuada.
16. O arrendatario será o único responsable dos danos físicos ou materiais que puideran ocasionarse a terceiros e sexan consecuencia directa ou indirecta da ocupación do local ou da actividade que nel se desenvolve, eximindo de toda responsabilidade ao propietario.
17. O arrendatario estará obrigado a ter a licenza de apertura e demais documentación exixida conforme a lexislación vixente.
18. Manter o servizo aberto ao público nas datas e horario que teña ofertada na proposición presentada. O horario será, como máximo, o mesmo que este permitido para os restantes establecementos do sector na normativa vixente.
19. Realizar á finalización do contrato as obras e traballos que sexan precisos ao obxecto de entregar o local arrendado nas mesmas condicións en que foi entregado.
20. O arrendatario realiza expresa e formal renuncia a tódolos beneficios e dereitos especiais que lle concede a Lei 29/1994, de arrendamentos urbanos.
21. Aos efectos do art. 14 da vixente Lei de arrendamentos urbanos e normativa concordante que poida resultar de aplicación, as partes conveñen que o alleamento do inmovible extinguirá tamén o arrendamento.

Poliza de seguros: El ayuntamiento de Carballo figurará como beneficiario para el 100% de las indemnizaciones que correspondan con siniestros del continente.

Con respecto al contenido, el adjudicatario se obligará, en caso de siniestro que afecte a la relación de mobiliario y equipamiento que figura en el pliego, a informar puntualmente al Concello (sustitución o reparación).

Para la parte de responsabilidad civil, el ayuntamiento de Carballo figurará como asegurado adicional en la póliza manteniendo la condición de tercero con el adjudicatario.

Con respecto a las garantías mínimas de la póliza:

Incendio, rayo y explosión:.....	100% suma asegurada
Riesgos extensivos.....	100% suma asegurada
Daños por agua.....	100% suma asegurada
Daños estéticos continente.....	3.000 € a primer riesgo
Robo.....	100% suma asegurada
Daños por robo o intento.....	15.000 € a primer riesgo
Roturas.....	3.000 € a primer riesgo
Daños eléctricos.....	3.000 € a primer riesgo
Responsabilidad civil de explotación.....	600.000 €
Responsabilidad civil patronal.....	600.000 €
Sublímite por víctima.....	300.000 €

Responsabilidad civil productos..... 600.000 € (deberá tener incluido específicamente la intoxicación alimentaria).

En el caso que el local disponga de terraza, deberá especificarse en la póliza la cobertura al mobiliario y la responsabilidad civil derivada de la explotación en la vía pública.

O impago dos recibos dará lugar a incautación da fianza.

16.- OBRIGAS DO ARRENDADOR/CONCELLO.

O arrendador obrígase a entregar todo o que é obxecto do arrendo en perfecto estado para o uso a que se destina e presto para ser ocupado e utilizado, ao completo de instalacións e servizos.

O arrendador deberá realizar, sen dereito a elevar por elo a renda, todas as reparacións que sexan necesarias para conservar o inmovible nas condicións de utilización para servir ao uso convido, agás cando o deterioro de cuxa reparación se trate sexa imputable ao arrendatario a teor do disposto nos artigos 1563 e 1564 do Código Civil.

En canto a obras de conservación e mellora⁴, estarase ao disposto na Lei 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos.

18.- SUBARRENDAMENTO

Non cabe a posibilidade de subarrendalo. No caso de que o arrendatario o subarrende, levará consigo a resolución do contrato.

19.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Son causas de resolución do contrato, ademais das sinaladas na lexislación reguladora de arrendamentos urbanos e no código civil, as seguintes:

- 1) A morte ou incapacidade sobrevida do arrendatario se fose persoa física , ou a extinción da súa personalidade xurídica se fose persoa xurídica.
- 2) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- 3) O mutuo acordo entre o Concello de Carballo e o arrendatario, sempre que non concorran outras causas de resolución imputable ao arrendatario e sempre

⁴ En canto ás posibles obras a realizar, téñase en conta que conforme o artigo 4 da LAU, os artigos 21, 22, 23 e 26 non son de aplicación imperativa, polo que consideramos que este apartado é de aplicación opcional:

— Obras de conservación: o arrendador está obrigado a realizar, sen dereito a elevar por isto a renda, tódalas reparacións necesarias para conservar a vivenda nas condicións de habitabilidade para servir ao uso convido, agás cando o deterioro de cuxa reparación se trate sexa imputable ao arrendatario a teor do disposto nos arts. 1563 e 1564 do Código Civil (artigo 21 LAU).

— Obras de mellora: o arrendatario estará obrigado a soportar a realización polo arrendador das obras de mellora cuxa execución non poida razoablemente diferirse ata a conclusión do arrendamento (art. 22 LAU).

— Obras do arrendatario: o arrendatario non poderá realizar sen o consentimento do arrendador, expresado por escrito, obras que modifiquen a configuración da vivenda ou dos accesorios, ou que provoquen unha diminución na estabilidade ou seguridade da mesma.

Sen prexuízo da facultade de resolver o contrato, o arrendador que non autorizara a realización das obras poderá esixir, ao concluír o contrato, que o arrendatario repaña as cousas ao estado anterior ou conservar a modificación efectuada, sen que este poida reclamar indemnización algunha.

Se as obras provocaran unha diminución da estabilidade da edificación ou da seguridade do local e os seus accesorios, ao arrendador poderá esixir de inmediato do arrendatario a reposición das cousas ao estado anterior (art. 23 LAU).

que razóns de interese das partes fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato.

- 4) A falta de iniciación da execución do contrato no prazo de 1 mes, sempre que a sinatura deste sexa posterior á data da acta de recepción das obras de acondicionamento do local.
- 5) A demora no pago da renda por máis de dúas mensualidades.
- 6) Destinar as instalacións ao uso distinto do pactado.
- 7) Desistencia ou abandono polo arrendatario da prestación da actividade comercial durante o prazo de sete (7) días.
- 8) Que o arrendatario non xestione o servizo na forma debida, e non manteña as instalacións en bo estado de conservación, policía e limpeza.
- 9) Incumprimento das obrigas sobre conservación das obras ou instalacións ou mala fe na execución das mesmas.
- 10) O comercio de xénero ilícito ou prohibido, realizado tanto polo arrendatario, os seus dependentes ou terceiras persoas autorizadas por aquel.
- 11) O exercicio no local de xogos de sorte, envite ou azar que non sexan de mero pasatempo
- 12) Ceder ou subarrendar o local en todo ou en parte.
- 13) O incumprimento das obrigas de seguridade e hixiene.

20.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

20.1.- O contrato que regula este prego ten natureza xurídico-privada, e rexeráse:

1.- En canto á súa preparación e adxudicación ao establecido no presente PCAP; na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no RD Lexislativo 781/1986, polo que aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; no RD 1372/86, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais; na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas; no RD 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas; na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, no RD 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas no que non se opoña ó RD Lei 817/2009, de 8 de maio; e, con carácter supletorio, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo en o seu defecto, as normas de dereito privado.

2.- En canto á súa execución, efectos e extinción este contrato rexese con carácter preferente polo presente PCAP, e no non previsto aplicarase o título III da Lei 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos (LAU) e, con carácter supletorio, o disposto no Código Civil.

20.2.- Sométense as partes para todas as cuestións litixiosas derivadas da interpretación e aplicación do contrato á xurisdición do domicilio do Concello de Carballo.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativo será a competente o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación deste contrato, de acordo coa normativa reguladora da devandita xurisdición, tal e como establece o artigo 110.3 da Lei 33/2003.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción do contrato.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ó marxe
O Concelleiro delegado de Contratación,

Diligencia.- Para facer constar que este prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato privado con referencia PRI 07/2023 foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 23 de Outubro de 2023 e corrixidas as súas cláusulas 8.2.1 e 11 por Decreto de Alcaldía 3008/2023 de data 26/10/2023.

O Secretario xeral,

Asdo.: Miguel Piñeiro Souto

ANEXO I.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Personas xurídicas

D./Dna.
Con DNI
e domicilio en
provincia de
rúa nº
en nome propio ou en representación da empresa
con CIF
e domicilio social en
á que represento no procedemento para adxudicar o contrato de arrendamento do **LOCAL DESTINADO A BAR-CAFETERÍA SITUADO NO MERCADO DE CARBALLO (PRI 03/2023), procedemento aberto, concurso**, segundo poder con suficiencia verificada vixente na data sinalada, de responsable perante o o órgano competente do Concello de Carballo, **DECLARO:**

PRIMERO. - Que a persoa xurídica á que se represento:

- a) Ten plena capacidade xurídica e de obrar, cumprindo tódolos requisitos de constitución esixidos pola normativa vixente.
- b) O obxecto social da empresa comprende a actividade obxecto desta autorización, de acordo co recollido no art. ... dos seus estatutos sociais; estatutos que se atopan correctamente inscritos nos Rexistros correspondentes.
- c) Que a empresa en noe da que actúo, o seu/s administrador/es ou os seus órganos de dirección, non está incursos en ningunha causa de prohibición de contratar das previstas no art. 71 da Lei de Contratos do Sector Público.

SEGUNDO. - Que a citada empresa se atopa, nestes momentos, ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos en que se estas se definen nos arts. 13 e 14 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, e non ten débedas tributarias pendentes de pagamento co Concello de Carballo nos termos previstos no art. 7.1 d) do Real Decreto citado anteriormente.

Que a devandita empresa está dada de alta no Imposto sobre actividades económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato e non se deu de baixa na matrícula deste imposto.

TERCEIRO. - A declaración a que se refire o parágrafo anterior faise sen prexuízo da obriga de xustificar documentalmente as devanditas circunstancias, no suposto de resultar proposto para a adxudicación do contrato, no prazo que sinala o órgano de contratación anterior á adxudicación do contrato.

Declaro, aos efectos previsto no art. 140.4 LCSP, que posúo ou a empresa que represento posúe todos estes requisitos no momento de presentación desta declaración responsable e autorizo, expresamente, ao Concello de Carballo a solicitar os datos e información ao respecto que precise.

CUARTO. - Que a empresa que represento non se atopa dada de baixa no Imposto de actividades económicas en matrícula correspondente, segundo o art. 15 do RXLCSP e, no seu caso:

- Epígrafe ou epígrafes da matrícula del imposto (IAE) nos que está dado de alta:
....
- Estar exento do pago del imposto (IAE).
- Estar ao corrente no pago del imposto (IAE).

QUINTO. - Que a entidade que se atopa inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda) e que as circunstancias da entidade que nel figuran, que se reflicten no correspondente certificado, respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación, son exactas e non experimentaron variación, seguen vixentes no día da data⁵, de acordo coo previsto no art. 140 LCSP.

- 1) Sí, no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (creado por Decreto 262/2001) con número de inscrición.....
- 2) Sí, no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, co número de inscrición.....
- 3) Non está inscrita.

SEXTO. - Que, conforme ao art. 42.1 do Código de Comercio, a empresa a que represento:

- Pertence ao grupo de empresas.....(Xunto anexo coa relación das empresas pertencentes ao grupo).
- Non pertence a un grupo de empresas.

SÉTIMO. - Autorízase expresamente ao Concello de Carballo, para que, de proceder se expida e incorpore ao expediente a pertinente certificación acreditativa da situación tributaria da empresa con esta.

OITAVO. - Que, de acordo co sinalado no art. 140 LCSP, cumpre tódalas condicións establecidas no PCAP, de capacidade obrar e xurídica, da habilitación profesional, clasificación e/ou solvencia para contratar con esa administración local (Concello de Carballo).

NOVENO.- Sistema de notificación electrónica de Galicia <https://notifica.xunta.gal> (se for o caso, xeraranse automaticamente avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil indicados):

- Correo electrónico:

⁵ Se procede, marcar e encher os datos que consten no Rexistro correspondente (Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia).

- Teléfono móbil:

Así mesmo, exprésase o compromiso de aceptar e dar por válidas tódalas notificacións que se efectúen por calquera dos medios indicados.

E para que conste e produza efectos no expediente ao que se refire a proposición á que se incorpora esta declaración responsable, asino a mesma en.....a.....de.....

Asdo.....

(Lugar, data e sinatura do propoñente).

Persoas físicas

D./Dna.

Con DNI

e domicilio en

provincia de

rúa nº

en nome propio ou en representación da empresa

con CIF

e domicilio social en

á que represento no procedemento para adxudicar o contrato de arrendamento do **LOCAL DESTINADO A BAR-CAFETERÍA SITUADO NO MERCADO DE CARBALLO (PRI 03/2023), procedemento aberto, concurso**, segundo poder con suficiencia verificada vixente na data sinalada, de responsable perante o o órgano competente do Concello de Carballo, **DECLARO:**

Primeiro.- Que dispoño de plena capacidade de obrar e xurídica, da la habilitación profesional, clasificación e/ou solvencia esixida no prego de prescricións administrativas.

Segundo.- Que estou ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Terceiro.- Que no caso de ser proposto para a adxudicación deste contrato, estou en disposición de presentar a documentación esixida no prego de prescricións administrativas para acreditar o cumprimento das circunstancias previstas nos parágrafos anteriores e demais esixidas no prazo establecido.

Cuarto.- Que nin o asinante da declaración, nin a persoa física representada, se atopan incurso en circunstancia algunha das que prohiben contratar coa Administración, conforme a disposto no art. 71 LCSP.

Quinto.- Si Sistema de notificación electrónica de Galicia <https://notifica.xunta.gal> (se for o caso, xeraranse automaticamente avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil indicados):

- Correo electrónico:

- Teléfono móbil:

Así mesmo, exprésase o compromiso de aceptar e dar por válidas tódalas notificacións que se efectúen por calquera dos medios indicados.

Sexto.- Que os datos recollidos no Rexistro, que a continuación se detallan, seguen vixentes no día de hoxe⁶:

- Certificado de clasificación no Grupo....., Subgrupo....., Categoría.....
- Número de Identificación Fiscal do empresario individual:
- Acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias,
 - o Coa Facenda Estatal, ata a data.....
 - o Coa Facenda da Comunidade Autónoma, ata a data.....
- Acreditación de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social, ata a data

En, a de 202

Asdo.....
(Lugar, data e sinatura do proponente).

⁶ Se procede, marcar e encher os datos que consten no Rexistro correspondente (Exclusivamente, Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia).

ANEXO II - Modelo de autorización para a cesión de información relativas ás obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

D./Dna.
Con DNI
e domicilio en
provincia de
rúa nº
en nome propio ou en representación da empresa
con CIF
e domicilio social en
á que representa no procedemento para adxudicar o contrato de arrendamento do **LOCAL DESTINADO A BAR-CAFETERÍA SITUADO NO MERCADO DE CARBALLO (PRI 03/2023), procedemento aberto, concurso**, segundo poder con suficiencia verificada vixente na data sinalada, como responsable perante o o órgano competente do Concello de Carballo,

Autoriza al Ayuntamiento de Carballo a:

Solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancias de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social a efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na LOPD, Lei do Imposto sobre a rendas das persoas físicas, a Lei do Imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

Asdo.....
(Lugar, data e sinatura do proponente).

ANEXO III.- MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

D./Dña. con domicilio en.....e con Documento Nacional de Identidade número (pasaporte ou documento que substitúa) en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de.....), este último, con DNI ou CIF **fai constar:**

a) Que solicita tomar parte na licitación do Concello de Carballo (A Coruña) para o arrendamento dun local destinado a bar-cafetería no Mercado municipal, sito no Praza do Concello.

b) Que cumpre todas e cada unha das condicións esixidas no Prego de bases para a adxudicación do contrato, incluído o cumprimento das obrigas sociais, laborais e fiscais.

c) Que acepta plenamente tódalas cláusulas do prego e tódalas demais obrigas que ser deriven, se resultara adxudicatario do contrato.

d) Que se compromete a alugar o inmovible para os SEIS anos de duración inicial do contrato, polo seguinte prezo:

PREZO TOTAL (sen IVE):€

PREZO TOTAL (IVE incluído): €

Renda mensual (sen IVE): €

IVE (21%): €

Renda mensual (IVE incluído): €

Asdo.....

(Lugar, data e sinatura do proponente).

ANEXO III.- MODELO DE AVAL.

A entidade (*razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca*) NIF..... con domicilio (*a efectos de notificacións e requirimentos*) na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, e non seu nome (*nome e apelidos dos apoderados*), con poderes suficientes para obrigarse neste acto, segundo resulta da validación de poderes que se establece na parte inferior deste documento, **AVALA A:**(*nome e apelidos ou razón social do avalado*) NIF..., en virtude do disposto por (*norma/s e artigo/s que impón a constitución desta garantía*) (*) para responder das obrigas seguintes:(*detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido*) perante o Concello de....., por importe de: (*en letra e en cifra*).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade que cumpre os requisitos previstos no art. 56.2 do RXCAP. Este aval outórgase solidariamente respecto do obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pago ao primeiro requirimento da Tesourería do CONCELLO DE CARBALLO, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos do sector público, nas súas normas de desenvolvemento e na normativa xeral da Caixa Xeral de Depósitos.

O presente aval estará en vigor ata que o CONCELLO DE CARBALLO, ou que non seu nome sexa habilitado legalmente a tal efecto, autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido na Lei de Contratos do Sector Público e lexislación complementaria.

(Lugar e data)

(Razón social da entidade) (Sinatura dos apoderados)

VALIDACIÓN DE PODERES POLA ASESORÍA XURÍDICA DA CAIXA XERAL DE DEPÓSITOS, AVOGACÍA DO ESTADO OU ÓRGANOS EQUIVALENTES DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS OU ENTIDADES LOCAIS CONTRATANTES

PROVINCIA	Data	Número ou código
-----------	------	------------------

(*) Artigo 106 da Ley 9/2017, de 8 de novembro para a GARANTÍA PROVISIONAL

Artigo 107 da Ley 9/2017, de 8 de novembro para a GARANTÍA DEFINITIVA

Artigo 107.2 da Ley 9/2017, de 8 de novembro para a GARANTÍA ESPECIAL COMPLEMENTARIA

ANEXO IV.- MODELO DE SEGURO DE CAUCIÓN.

Certificado número (1) (en adiante, asegurador), con domicilio en, rúa, e NIF , debidamente representado por D. (2), con poderes suficientes para obrigarse neste acto, segundo resulta da validación de poderes que se establece na parte inferior deste documento.

ASEGURA A (3), NIF, en concepto de tomador d seguro, perante o CONCELLO DE CARBALLO, en adiante asegurado, ata o importe de (4), nos termos e condicións establecidos na Lei de Contratos do Sector Público, normativa de desenvolvemento e prego de cláusulas administrativas particulares polas que se rexe o contrato (5), en concepto de garantía (6), para responder das obrigas, penalidades e demais gastos que se poidan derivar conforme ás normas e demais condicións administrativas precitadas fronte ao asegurado.

O asegurado declara, baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos esixidos no art. 57.1 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A falta de pagamento da prima, sexa única, primeira ou seguintes, non dará dereito ao asegurador a resolver o contrato, nin este quedará extinguido, nin a cobertura do asegurador suspendida, nin este liberado da súa obriga, caso de que o asegurador deba facer efectiva a garantía.

O asegurador non poderá opor ao asegurado as excepcións que poidan corresponderlle contra o tomador do seguro.

O asegurador asome o compromiso de indemnizar ao asegurado ao primeiro requirimento da Tesourería do CONCELLO DE CARBALLO, nos termos establecidos na Lei de Contratos do Sector Público e normas de desenvolvemento.

O presente seguro de caución estará en vigor ata que o CONCELLO DE CARBALLO, ou quen no se nome sexa habilitado legalmente para isto, autorice a súa cancelación ou devolución, de acordo co establecido na Lei de Contratos do Sector Público e lexislación complementaria.

Lugar a data

Sinatura

Instrucións para cumprimentar este modelo:

- (1) Expresarase a razón social completa da entidade aseguradora.
- (2) Non e apelidos do apoderado ou apoderados.
- (3) Nome da persoa asegurada.
- (4) Importe, en letra e en cifra, polo que se constituía o seguro.
- (5) Identificar individual e suficientemente (natureza, clase, etc) o contrato en virtude do que se presta a caución.
- (6) Expresar a garantía de que se trata (PROVISIONAL, DEFINITIVA, COMPLEMENTARIA).

ANEXO V.- FICHA DE TERCEIRO

SOLICITUDE DE APERTURA/MODIFICACIÓN DE FICHA DE TERCEIRO E PAGAMENTOS POR TRANSFERENCIA

Tipo de movemento

- Alta de terceiro
 Modificación de datos de terceiro con código

Datos do interesado (inserir fotocopia do DNI ou CIF no reverso desta folia)

Rogo nos transfiran tódalas cantidades adebedadas polo Concello de Carballo, á conta abaixo indicada.

Datos bancarios (deberá ser cuberta ou, en su defecto selado pola Entidade Bancaria)

Entidad financeira

Sucursal

Vía pública e nº

Poboación

Provincia

Código Postal

IBAN

Data

Sinatura

De conformidade co disposto na normativa sobre protección de datos, os datos de carácter persoal, recollidos por este impreso serán incorporados a un ficheiro automatizado con exclusiva finalidade de uso dentro deste Concello. O titular dos mesmos pode exercer o seu dereito de rectificación ou cancelación, nos termos que a norma estableceza, dirixíndose ao Concello de Carballo.

ANEXO VI.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De acordo co establecido pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), o presente documento queda sometido á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD) e o seu Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril do 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación dos mesmos (RXPDP).

De conformidade co art. 122,2 LCSP e segundo a normativa vixente en materia de protección de datos anteriormente citada, informámoslle de que o Responsable do Tratamento dos datos persoais derivados da execución do presente contrato é o CONCELLO DE CARBALLO, con enderezo na PRAZA DO CONCELLO S/N 15100 CARBALLO (A CORUÑA).

1. - Finalidade do tratamento: os datos serán comunicados ao contratista coa única finalidade de realizar o obxecto da presenta licitación,.

2. Obrigas do contratista: o contratista estará obrigado (unicamente cando teña a condición de encargado do tratamento):

- A cumprir coa normativa vixente en materia de protección de datos tanto nacional como europea. Esta obriga ten carácter contractual esencial e o seu incumprimento daría lugar á resolución do contrato de conformidade co art. 211,1 f) LCSP.
- Sen prexuízo do establecido no art. 28,2 RXPDP, relativo aos encargados do tratamento, o contratista deberá declarar con carácter previo á formalización do contrato, o lugar ou lugares onde se atoparán os seus servidores así como os servizos asociados aos mesmos. En caso de que se produzan cambios na situación dos servidores ou no lugar dende onde se prestarán os servizos, o contratista estará obrigado a comunicalos.
- Se fose necesario subcontratar os servidores ou os servizos asociados aos mesmos, os licitadores deberán indicar na súa oferta o nome e o perfil empresarial dos subcontratistas aos que se encomende a súa realización.